

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021482	San Clemente	Santiago de Compostela	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CSIFC03	Desenvolvemento de aplicacións web	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0612	Desenvolvemento web en contorno cliente	2024/2025	6	157	188

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	CÉSAR RODRÍGUEZ DORADO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de «Desenvolvemento web en contorno cliente» impártese no segundo curso do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Desenvolvemento de Aplicacións Web.

O desenvolvemento curricular deste módulo profesional fíxose tomando coma centro de referencia ao IES San Clemente.

O centro atópase situado na cidade de Santiago de Compostela. Na contorna do Centro poden atoparse varias empresas de servizos informáticos que adoitan acoller á gran maioría do alumnado do ciclo para a realización do módulo de Formación en Centros de Traballo, e onde é previsible que poidan desenvolver a súa carreira profesional nun futuro.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	88	45
2	Introdución á programación en contorna cliente	Introdución aos modelos de programación, linguaxes e tecnoloxías asociadas á programación en contorna cliente.	6	5
3	Introdución a JavaScript	Variables e constantes: ámbito de uso, tipos de datos e conversión entre elas, asignacións, operadores, expresións, comentarios ao código, sentenzas e bloques de sentenzas, decisións, bucles, Uso de contornos de desenvolvemento integrados, e depuración e documentación do código.	32	15
4	Modelo de obxectos da linguaxe	Utilización dos obxectos nativos da linguaxe, xeración de elementos, uso de cookies e xestión de ventás.	34	20
5	Estruturas de datos	Utilización de funcións predefinidas da linguaxe, chamadas a funcións, arrays e creación e utilización de obxectos.	28	15

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	88

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Programa código para clientes web, para o que analiza e utiliza estruturas definidas polo usuario.	SI
RA5 - Desenvolve aplicacións web interactivas integrando mecanismos de manexo de eventos.	SI
RA6 - Desenvolve aplicacións web, para o que analiza e aplica as características do modelo de obxectos do documento.	SI
RA7 - Desenvolve aplicacións web dinámicas, para o que recoñece e aplica mecanismos de comunicación asíncrona entre cliente e servidor.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Clasifícanse e utilízanse as funcións predefinidas da linguaxe.
CA4.2 Créanse e utilízanse funcións definidas polo usuario.
CA4.3 Recoñécense as características da linguaxe relativas á creación e o uso de arrays.
CA4.4 Créanse e utilízanse arrays.
CA4.5 Recoñécense as características de orientación a obxectos da linguaxe.
CA4.6 Creouse código para definir a estrutura de obxectos.
CA4.7 Créanse métodos e propiedades.
CA4.8 Creouse código que faga uso de obxectos definidos polo usuario.
CA4.9 Depurouse e documentouse o código.
CA5.1 Recoñécense as posibilidades da linguaxe de marcas relativas á captura dos eventos producidos.
CA5.2 Identifícanse as características da linguaxe de programación relativas á xestión dos eventos.

Criterios de avaliación
CA5.3 Diferenciáronse os tipos de eventos que se poden manexar.
CA5.4 Creouse un código que capture e utilice eventos.
CA5.5 Recoñecéronse as capacidades da linguaxe relativas á xestión de formularios web.
CA5.6 Validáronse formularios web utilizando eventos.
CA5.7 Utilizáronse expresións regulares para facilitar os procedementos de validación.
CA5.8 Probouse e documentouse o código.
CA6.1 Recoñeceuse o modelo de obxectos do documento dunha páxina web.
CA6.2 Identificáronse os obxectos do modelo, as súas propiedades e os seus métodos.
CA6.3 Creouse e verificouse un código que acceda á estrutura do documento.
CA6.4 Creáronse novos elementos da estrutura e modificáronse elementos xa existentes.
CA6.5 Asociáronse accións aos eventos do modelo.
CA6.6 Identificáronse as diferenzas que presenta o modelo en función dos navegadores.
CA6.7 Programáronse aplicacións web de xeito que funcionen en navegadores con diferentes implementacións do modelo.
CA6.8 Independizáronse o contido, o aspecto e o comportamento en aplicacións web.
CA7.1 Avaliáronse as vantaxes e os inconvenientes de utilizar mecanismos de comunicación asíncrona entre cliente e servidor web.
CA7.2 Analizáronse os mecanismos dispoñibles para o establecemento da comunicación asíncrona.
CA7.3 Utilizáronse os obxectos relacionados.
CA7.4 Identificáronse as propiedades e os métodos dos obxectos relacionados.

Criterios de avaliación

CA7.5 Utilizouse comunicación asíncrona na actualización dinámica do documento web.

CA7.6 Utilizáronse distintos formatos no envío e na recepción de información.

CA7.7 Programáronse aplicacións web asíncronas de xeito que funcionen en diferentes navegadores.

CA7.8 Clasificáronse e analizáronse librerías que faciliten a incorporación das tecnoloxías de actualización dinámica á programación de páxinas web.

CA7.9 Creáronse e depuráronse programas que utilicen estas librerías.

4.1.e) Contidos**Contidos**

Funcións predefinidas da linguaxe.

Chamadas a funcións. Definición de funcións.

Arrays.

Creación e utilización de obxectos.

Definición de métodos e propiedades.

Modelo de xestión de eventos.

Uso de formularios desde código.

Modificación de aparencia e comportamento.

Validación e envío.

Expresións regulares nos procedementos de validación de formularios.

Modelo de obxectos do documento.

Obxectos do modelo: propiedades e métodos.

Acceso ao documento desde código.

Creación e modificación de elementos do documento.

Contidos
<p>Programación de eventos.</p> <p>Diferenzas nas implementacións do modelo.</p> <p>Independencia do contido, aspecto e comportamento das aplicacións web.</p> <p>Mecanismos de comunicación asíncrona.</p> <p>Obxectos relacionados: propiedades e métodos.</p> <p>Modificación dinámica do documento utilizando comunicación asíncrona.</p> <p>Formatos para o envío e a recepción de información.</p> <p>Programación de aplicacións con comunicación asíncrona.</p> <p>Librerías de actualización dinámica.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Introdución á programación en contorna cliente	6

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona as arquitecturas e as tecnoloxías de programación sobre clientes web, para o que identifica e analiza as capacidades e as características de cada unha.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Caracterizáronse e diferenciáronse os modelos de execución de código no servidor e no cliente web.
CA1.2 Identificáronse as capacidades e os mecanismos de execución de código dos navegadores web.
CA1.3 Identificáronse e caracterizáronse as principais linguaxes relacionadas coa programación de clientes web.

Criterios de avaliación
CA1.4 Recoñecéronse as particularidades da programación de guións, e as súas vantaxes e desvantaxes sobre a programación tradicional.
CA1.5 Verificáronse os mecanismos de integración das linguaxes de marcas coas linguaxes de programación de clientes web.
CA1.6 Recoñecéronse e avaliáronse as ferramentas de programación sobre clientes web.

4.2.e) Contidos

Contidos
Modelos de programación en contornos cliente-servidor.
Mecanismos de execución de código nun navegador web.
Capacidade e limitacións de execución de código nos navegadores web.
Linguaxes de programación en contorno cliente.
Tecnoloxías e linguaxes asociados.
Integración do código coas etiquetas HTML.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Introdución a JavaScript	32

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Escribe sentenzas simples aplicando a sintaxe da linguaxe, e verifica a súa execución sobre navegadores web.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Seleccionouse unha linguaxe de programación de clientes web en función das súas posibilidades.
CA2.2 Utilizáronse diversos tipos de variables e operadores dispoñibles na linguaxe.
CA2.3 Identificáronse os ámbitos de uso das variables.
CA2.4 Recoñecéronse e comprobáronse as peculiaridades da linguaxe respecto ás conversións entre tipos de datos.
CA2.5 Utilizáronse mecanismos de decisión na creación de bloques de sentenzas.
CA2.6 Utilizáronse bucles e verificouse o seu funcionamento.
CA2.7 Engadíronselle comentarios ao código.
CA2.8 Utilizáronse ferramentas e contornos para facilitar a programación, a proba e a depuración do código.

4.3.e) Contidos

Contidos
Variables e constantes: ámbito de uso.
Uso de contornos de desenvolvemento integrados.
Depuración e documentación do código.
Tipos de datos: conversión entre tipos.
Asignacións.
Operadores.
Expresións.
Comentarios ao código.

Contidos
Sentenzas e bloques de sentenzas.
Decisións.
Bucles.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Modelo de obxectos da linguaxe	34

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Escribe código, para o que identifica e aplica as funcionalidades achegadas polos obxectos predefinidos da linguaxe.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse os obxectos predefinidos da linguaxe.
CA3.2 Analizáronse os obxectos referentes ás ventás do navegador e os documentos web que conteñan.
CA3.3 Escríbense sentenzas que utilicen os obxectos predefinidos da linguaxe para cambiar o aspecto do navegador e o documento que conteña.
CA3.4 Xeráronse textos e etiquetas como resultado da execución de código no navegador.
CA3.5 Escríbense sentenzas que utilicen os obxectos predefinidos da linguaxe para interactuar co usuario.
CA3.6 Utilizáronse as características propias da linguaxe en documentos compostos por varias ventás e marcos.
CA3.7 Utilizáronse cookies para almacenar información e recuperar o seu contido.
CA3.8 Depurouse e documentouse o código.

4.4.e) Contidos

Contidos
Uso de obxectos. Obxectos nativos da linguaxe.
Interacción co navegador. Obxectos predefinidos asociados.
Xeración de texto e elementos HTML desde código.
Aplicacións prácticas dos marcos.
Xestión da aparencia da ventá.
Creación de novas ventás e comunicación entre ventás.
Uso de cookies.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Estruturas de datos	28

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Programa código para clientes web, para o que analiza e utiliza estruturas definidas polo usuario.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Clasifícanse e utilízanse as funcións predefinidas da linguaxe.
CA4.2 Créanse e utilízanse funcións definidas polo usuario.
CA4.3 Recoñécense as características da linguaxe relativas á creación e o uso de arrays.

Criterios de avaliación

CA4.4 Créanse e utilízanse arrays.

CA4.5 Recoñécense as características de orientación a obxectos da linguaxe.

CA4.6 Creouse código para definir a estrutura de obxectos.

CA4.7 Créanse métodos e propiedades.

CA4.8 Creouse código que faga uso de obxectos definidos polo usuario.

CA4.9 Depúrose e documentouse o código.

4.5.e) Contidos**Contidos**

Funcións predefinidas da linguaxe.

Chamadas a funcións. Definición de funcións.

Arrays.

Creación e utilización de obxectos.

Definición de métodos e propiedades.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Para este módulo, a avaliación farase por trimestres, polo que será preciso aprobar TODAS as avaliacións para superar con éxito o módulo.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

a) Exame teórico-práctico por avaliación.

* Poderán ser probas teóricas e/ou prácticas en papel ou ordenador.



* Poderase realizar un ou varios exames por avaliación, sendo preciso aprobar todos para superar dita avaliación. Tamén pode darse o caso de que o exame esté dividido en apartados (por exemplo por UD) e, nese caso, poderá esixirse superar cada un deles por separado. De ser así indicárase no enunciado do exame.

* Se se detecta que o alumno copiou parcialmente ou totalmente, a puntuación do exame será 0 puntos.

b) Tarefas propostas para entrega por cada unidade de traballo (UD): tarefas, prácticas, traballos, presentacións...

* O valor de cada tarefa proposta será indicado na mesma.

* Caso de non se entregar no período establecido ou copiar total ou parcialmente, a tarefa avaliarase con 0 puntos.

NOTA DE CADA AVALIACIÓN

Cada avaliación constará de varias unidades didácticas (UDs). A nota obterase do seguinte xeito:

- Un 80% da nota será o resultado da/s proba/s ou exame/s. Lembramos que é necesario obter unha nota de 5 ou máis en dita/s proba/s.

- O 20% restante estará formado polo resultado de traballos, tarefas e prácticas. Algunha das tarefas poderá considerarse coma obrigatoria. Nese caso, para superar a avaliación deberá acadarse nelas a cualificación de APTO ou equivalente.

En calquera caso, a nota da/s proba/s deberá ser SEMPRE superior a 5 para realizar estes cálculos. En caso de que isto non se cumpra a nota máxima será un 4.

NOTA FINAL DO CURSO

* É imprescindible ter aprobadas tódalas avaliacións para superar o módulo. A nota final compórese dunha media aritmética das avaliacións. Neste caso a docencia do módulo atópase compartida coa empresa co cal terase en conta a avaliación realizada nos plans individualizados para o cálculo da nota final. Lembrar que se terá en conta, nunca será vinculante a avaliación na empresa se as probas obxectivas recollidas no centro educativo así o reflicten dun xeito claro.

* Esta nota nunca poderá ser superior a 4 en caso de non ter aprobada algunha das avaliacións.

* No caso de ter algunha avaliación suspensa e recuperala no momento axeitado a nota media conformarase tendo en conta tamén os suspensos.

AVALIACIÓN FINAL DO MÓDULO

* Realizarase unha proba final á que acudirán os alumnos que non superaron algunha avaliación do curso.

* A proba poderá organizarse por apartados ou por UD. En caso de non superar algunha das avaliacións trimestrais, o alumno terá que concorrer coa parte correspondente.

* Nesta proba avaliarase de xeito independente cada unha das partes ou UD non superadas, sendo necesario obter unha nota igual ou superior a 5 EN CADA UNHA DELAS para superar o módulo.

* Calcularase a nota correspondente a cada unha das partes, así como a nota final, do xeito descrito anteriormente.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Tendo en conta a excepcionalidade da modalidade de Dual, que a terceira avaliación e a avaliación final non se realiza ata o mes de setembro e que pasan gran parte deste segundo curso na empresa, as actividades de recuperación consistirán no reforzo e no seguimento destes contidos na empresa. En paralelo pode ser necesario que o docente lle proporcione ao alumno material ou exercicios complementarios.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

No caso particular de que o alumno chegue a esta situación, tendo en conta que pasa a maior parte do tempo na empresa, tanto no caso de faltas xustificadas (caso de enfermidade ou causa maior) como en caso de faltas inxustificadas. Tanto para un suposto como para o outro, o número de faltas por módulo profesional sitúase para este módulo na posibilidade de aplicar o sistema de avaliación continua se o número de faltas non supera o 10% da duración do módulo (no centro educativo). A partir deste número de faltas de asistencia (xustificadas ou non), será de aplicación ao alumnado o plan extraordinario de avaliación.

Realizarase unha proba final para determinar se o alumno acadou as capacidades terminais correspondentes ao módulo. Esta proba terá unha complexidade nunca menor que as probas teórico-prácticas realizadas polo alumnado que non perdeu o dereito á avaliación continua. A nota para o alumnado con perda de dereito de avaliación continua será a resultante do redondeo matemático ao número enteiro máis próximo (entre 1 e 10) da calificación desta proba.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Ao longo do curso académico, e coincidindo coa data de finalización de cada unha das actividades obrigatorias previstas nesta programación, o docente responsable levará a cabo un seguimento da programación na aplicación informática específica, seguimento que se estenderá ás reunións de departamento mensuais, tal e como recolle o artigo 23 da Orde do 12 de xullo de 2011, e cuxa finalidade é, por un lado, comprobar periodicamente o grao de cumprimento do programado, e por outro lado, proporcionar información que resulte en posibles propostas de mellora ou modificacións de cara a vindeiros cursos.

No seguimento da programación valoraranse os aspectos positivos e os aspectos a mellorar dos seguintes puntos:

- A consecución dos obxectivos marcados, e a súa adecuación ás características e necesidades do alumnado.
- O desenvolvemento da totalidade dos contidos, especialmente os contidos mínimos, e a idoneidade da selección e distribución dos mesmos.
- A idoneidade da metodoloxía para conseguir os obxectivos marcados e desenvolver os contidos programados.
- A calidade e a cantidade de recursos didácticos empregados.
- A coherencia dos criterios de avaliación e a idoneidade dos instrumentos empregados para avaliar ao alumnado.
- A correlación das actividades de recuperación cos resultados obtidos.
- A idoneidade das medidas de atención á diversidade adoptadas.

· A conveniencia dos temas transversais e o seu tratamento a partir da resposta do alumnado.

A programación será revisada ao inicio de cada curso académico á vista da experiencia do curso anterior e doutras circunstancias que se consideren salientables ao respecto. O referido seguimento e revisión constará nas correspondentes actas do departamento ou, de ser o caso, do equipo docente do ciclo. A tales fins teranse en conta especialmente os informes do profesor titor do ciclo. Tamén se revisará a coordinación co resto do equipo docente do grupo.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo de cada curso o profesor do módulo realizará un procedemento propio a tal fin, co seguinte esquema:

· Reunir información das circunstancias persoais de cada alumna/o (formación previa, intereses, motivacións, recursos dispoñibles, experiencias previas, expectativas, etc.) e analizar as respostas obtidas.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Terase en conta que a lexislación vixente indica explicitamente que a metodoloxía a utilizar (e polo tanto, enténdese por extensión que a programación didáctica) adaptárase ás circunstancias persoais do alumnado que asiste ao réxime ordinario. Esa metodoloxía será, polo tanto, flexible, adaptada as circunstancias persoais do estudantes e favorecedora da auto-aprendizaxe.

Elaborarase un informe de orientación individual establecendo as medidas de atención a diversidade propostas para o alumnado que se estime que o precisa, de xeito que poida haber un correcto seguimento das actividades formativas.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Tendo en conta que unha das nosas metas é a formación integral dos alumnos, considerarase a transversalidade dos valores. Estes concíbense coma un conxunto de contidos pertencentes a campos de coñecemento moi diversos, e que deben ser abordados cun enfoque interdisciplinario apreciándose de xeito integrado tanto nos obxectivos coma nos contidos de tódolos módulos que conforman o currículo. En canto á educación ambiental, evítanse proxectos empresariais non respectuosos co medio ambiente e concienciarase ao alumnado do perigo de determinados residuos informáticos.

No contexto da educación moral e cívica, o profesor axustarase en todo intre á lexislación relativa ás tecnoloxías da información e as comunicacións (LOPDGDD, LSSICE, lei de propiedade intelectual, lei de telecomunicacións, etc.).

Considerando tamén coma un valor transversal a educación para a paz e a convivencia: promoverase coma principio fundamental o respecto mutuo e a aceptación das regras de convivencia no día a día da aula. No relativo á educación do consumidor: considerarase a diversidade de empresas comerciais e a variedade de produtos fornecidos polas mesmas. O consumidor ten a posibilidade de elixir de acordo a uns criterios e é necesario que os alumnos coñezan os mesmos para se poder desenvolver no ámbito profesional da informática de consumo. Así, a posibilidade de elección entre software libre e propietario e a elección dunha documentación correcta e axeitada ás empresas subministradoras será fundamental na adquisición destas habilidades.

Ademais dos contidos incorpórase no módulo a formación en outras áreas prioritarias relativas a: Tecnoloxías da Información e a Comunicación (en adiante TIC), distintos idiomas e culturas, traballo en equipo, etc. Por se tratar dun módulo pertencente a un ciclo formativo da familia IFC, as TIC, estarán plenamente integradas na actividade docente. Neste senso potenciarase o uso de tales tecnoloxías mediante unha aula virtual na que os alumnos e alumnas poderán dispor, entre outra documentación, de apuntamentos, documentación de apoio, artigos, respostas ás preguntas máis frecuentes, exercicios propostos e/ou resoltos, e tamén enlaces na rede con información sobre os temas tratados.

En canto aos distintos idiomas e culturas fomentarase a súa familiarización facilitando contidos nestes idiomas (en particular en inglés e portugués se así procedera, en tanto que o centro consta das seccións bilingües correspondentes), así coma promovendo no alumnado a procura de contidos por si mesmos.

O traballo en equipo potenciarase mediante a proposta de exercicios a realizar en grupos colaborativos, procurando que as compoñentes do grupo teñan que se involucrar e colaborar na consecución dos obxectivos fixados.

Noutra banda o docente debe tamén axudar a inculcar uns valores ao seu alumnado, mediante a inclusión de temas transversais e tentando favorecer a tolerancia, a convivencia, o respecto á identidade de xénero e o multiculturalismo, tanto dentro como fóra da aula. O educador pode crear un ambiente de diálogo, de debate, de invitación á reflexión no foro que axude a propagar e asentar os anteriores valores. Na medida do posible poranse as unidades didácticas en relación con algún destes temas (sempre que pola súa afinidade sexa posible).

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Estudaranse e consideraranse tódalas actividades que vaian dirixidas ao alumnado en xeral, e ao dos ciclos de informática en particular, especialmente cando foran propostas por:

- O Departamento de Orientación.
- O Departamento de Informática.
- O Equipo Directivo.
- O Equipo de Dinamización Lingüística.
- O Equipo de Intercambio Cultural.
- Os coordinadores das seccións bilingües.
- Os coordinadores do programa Erasmus+.

O departamento deixa aberta a porta á asistencia a conferencias e seminarios, ben sexan planificadas polo mesmo, ben vaian xurdindo no ámbito social e laboral e sexan consideradas de interese.

O docente, ao longo do ano académico, estudará a realización de distintas actividades, como por exemplo: a visita a empresas do sector, a organización de seminarios e cursos adicionais de contidos transversais ao

tratado nas unidades, etc.

10. Outros apartados

10.1) Contidos

Para a realización desta programación tivéronse en conta os "criterios para a elaboración das programacións didácticas" recollidos no PEC